# A N U N C I O

A Corporación Provincial, en sesión do día 31 de marzo de 2017, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de certificacións de natureza catastral polos servizos da Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 164, do 18 de xullo de 2012)..

Unha vez sometida a información pública, mediante anuncio inserido no BOP n.º 81, do 7 de abril de 2017, durante o prazo de 30 días hábiles, no diario La Región do día 5 de abril, así como no taboleiro de edictos da Corporación, non se formulou ningunha alegación ou reclamación, polo que queda aprobada definitivamente. A continuación publícase a dita modificación.

Modificación do artigo 8.1, coa seguinte redacción:

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación mediante o impreso que se facilite nas oficinas do Servizo de Recadación da Deputación. Con este impreso o interesado realizará o ingreso en calquera das entidades bancarias colaboradoras que se indiquen na autoliquidación ou a través da pasarela de pagos da sede electrónica da Deputación Provincial. Un duplicado da autoliquidación cobrada unirase ao escrito presentado.

O prazo de pagamento en período voluntario das autoliquidacións será de dous días naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Publícase isto e advírtese que contra o acordo de aprobación desta modificación se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ó desta publicación.

Ourense, 25 de maio de 2017

O PRESIDENTE,

Aso. José Manuel Baltar Blanco.

Anuncio

La Corporación Provincial, en sesión del día 31 de marzo de 2017, aprobó inicialmente la modificación de la Ordenanza fiscal reguladora de la tasa por la expedición de certificaciones de naturaleza catastral por los servicios de la Diputación Provincial de Ourense (BOP n.º 164, del 18 de julio de 2012).

Una vez sometida la información pública, mediante anuncio insertado en el BOP n.º 81, de 7 de abril de 2017, durante el plazo de 30 días hábiles, en el diario Lana Región del día 5 de abril, así como en el tablón de edictos de la Corporación, no se formuló ninguna alegación o reclamación, por lo que queda aprobada definitivamente. A continuación se publica dicha modificación.

Modificación del artículo 8.1, con la siguiente redacción:

La tasa se exigirá en régimen de autoliquidación mediante el impreso que se facilite en las oficinas del Servicio de Recaudación de la Diputación. Con este impreso el interesado realizará el ingreso en cualquiera de las entidades bancarias colaboradoras que se indiquen en la autoliquidación o a través de la pasarela de pagos de la sede electrónica de la Diputación Provincial. Un duplicado de la autoliquidación cobrada se unirá al escrito presentado.

El plazo de pago en período voluntario de las autoliquidaciones será de dos días naturales, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 68 de la Ley 39/2015, del 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se publica esto y se advierte que contra el acuerdo de aprobación de esta modificación se podrá interponer un recurso contencioso-administrativo ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia, en el plazo de 2 meses. Los plazos indicados se computarán a partir del día siguiente al de esta publicación.

Ourense, 25 de mayo de 2017

El PRESIDENTE,

Asgo. José Manuel Baltar Blanco.